

la vir declarar ante Garzón como nai de desaparecido e represaliada

Morre Carmen Cornes, emigrante e Nai da Praza de Maio

→ XAN CARBALLA

Viña de facer a ronda dos xoves das Nais de Maio, en Córdoba (Arxentina). Aos seus case 85 anos seguía sendo unha marabilla ver o seu entusiasmo na pelexa pola vida. Unha moto levouna por diante o 5 de Febreiro, cando estaba a preparar unha próxima viaxe para declarar no proceso aberto en Madrid polos desaparecidos. O seu fillo Miguel Angel, aquel que lle dicía que sempre debía levar a cabeza ben alta, foi unha das vítimas da feroz represión militar. A propia Carmen Cornes botou dous anos no cárcere e salviouse do crime de pura sorte.

Carmen Cornes ten un lugar na historia do país, e teno por merecemento propio. Todos os que a tratamos quedarémonos coa súa alegría e a súa capacidade para saír adiante no marasmo abrumador que foron moitas etapas da súa vida. Contounola en Agosto de 1989, sentada nun banco de pedra da Praza de Maio, e aquela narración fíxose libro tempo despois (*Hasta la victoria siempre*. Edicións do Castro).

Foi a vida dunha emigrante, expulsada de Sisán (Ribadúmia) no ano 1928 pola necesidade, que despediu á súa nai no porto de Vilagarcía, para ingresar no *Chiado*, un barco da *Mala Real Inglesa*, que facía rota a Arxentina, "foime despedir mamá, pero non houbo bicos, nen abrazos, non se levaba. Quedoume gravada aquela imaxe dela cos brazos caídos, ollando marchar a unha nena que só tiña dezaseis anos e á que xa nunca volvería ver. A noticia da súa morte chegoume por carta, varias semanas despois de suceder".

A testemuña de Carmiña —asi a coñecía todo o mundo na Arxentina, e así a despediron as Nais de Maio nunha emotiva esquelá—, estremece pola intensidade coa que conta, no libro que escribiu a xornalista Beatriz López, a súa infancia galega sempre florecendo na memoria, e os anos nos que unha rapaciña chegaba á grande cidade que era Bós Aires nos anos 30. "O primeiro traballo foi botar cinco anos nunha fundición de bronce, con virte polacos e un asturiano, Próspero. A maiores eu tiña que facer o almorzo para todos ás seis da mañá e moitas veces o xantar. Dormiamos na mesma fábrica, respirando aqueles gases e traballabamos sempre, sábados e domingos incluídos. Se enfermabas botábante".

Seguiron outros empregos, servindo en casas, "superexplotadas, porque nen permiso che daban para ir ao médico. Daquela dician aquilo de *mentres veñan os galegos non precisamos burros*. Moitas destas mulleres que traballaban de muçamas obrigábanas a *atender o neno*, que ás veces era un mozo de vinte anos, e non cabían protestas, porque a necesidade era moita. Pasámolo moi mal".

Unha vida de loita

A guerra do 36 politizou a moitos emigrantes, "había moitos



MUNDO CAL

voluntários que saían para axudar á República e acudiamos ao porto a despedilos. Aí fun abrindo os ollos. Cando no 49 tiven a meu fillo, Miguel Angel, explíqueille como fora a miña vida de traballadora, e el formouse nesa visión de xusti-

za. Adorábame e eu a el, e dicíame que nunca debía baixar a cabeza".

A Carmen metérona no cárcere antes do 76, por ter con ela á nai dunha rapaza guerrilleira que estaba desaparecida. "Pa-

ra min era unha nai e por iso vivía comigo. Entraron dez uniformados e destrozáronme a casa. Despois souben que o facían para conseguir prender a Miguel Angel que estaba fóra. Soltáronme no 78, e tiven a sorte de non ir á casa, porque esa mesma noite fóronme buscar para matarme, como facían moitas veces con esas falsas liberacións".

Carmen incorpórase axiña ao movemento das Nais da Praza de Maio e desde entón forma parte entusiasta deste movemento de loitadoras que despedían na prensa arxentina "á nosa querida Carmiña, que nos ensinaches a militar con alegría e a cantar a bailar en medio da dor. A vós, que nos segues axudando co teu exemplo, pura luz".

ABOA, NAI E AMIGA

MUNDO CAL

Confeso que tiven un certo medo cando chamei desde Iquique en Chile, porque había meses que non sabía dela, e aos seus 86 anos poderíase atopar non todo o ben que algúns quixéramos. A súa voz polo teléfono tranquilizoume. Crucei os Andes sen temores, agardando o seu encontro en Córdoba. Estaba tan guapa, forte e delicada coma sempre.

Foron 48 densas horas na súa casa, compartindo palabras, abrazos, comidas e paseos. Escoltei a súa dor polos 20 anos das aboas de maio, pero tamén polo pouco respecto que se ten pola xuventude, pola desastrosa situación do sistema educativo arxentino, e en todo o mundo, porque os xóvenes eran agora a súa forte preocupación.

Tiven a sorte de acompañala o último xoves do mes de Novembro á ronda da Praza de Maio en Córdoba, con aquela xente da dignidade. Tomamos un café, Carmen? Unha cervexa, díxome.

A ilusión coa que camiñei do seu brazo polo centro de Córdoba aquela tarde era a mesma que a de cal-

quer enamorado, tal a alegría que transmitía Carmen. Iso era ela, alegría e resistencia.

Insistiu en acompañarme ao Aeroporto. Dixen que non me gustaban as despedidas. Respondeu que tampouco, que nos miráramos en Galiza moi pronto, quizais este verán. Botou a andar na contraluz do terminal, e perdeuse nas escaleiras. Non quería pensar conscentemente pero tiven unha sensación. Corrin cara o final da sala e alcancei a mirar como baixaba con algunha dificultade, a súa man dereita acariciaba o pasamáns. 86 anos de loitas e sufrimentos.

Onte, 6 de Febreiro, unha voz amiga deume a nova da súa morte por teléfono. Cheguei a casa, refuxieime no concerto para bandoneón de Astor Piazzola e sorprendíame chorando como non o facía desde hai moito tempo por nada, nen por ninguén.

Descanse en paz Carmen Cornes e todos e todas aqueles que coa súa resistencia e xenerosidade nos dan a vida. ♦



Gasolina e liñas de teléfono eróticas na conta do concello da Guarda

Purificación Álvarez, alcaldesa da Guarda polo PP, terá que responder á acusación que o grupo socialista, na oposición, fai en relación aos gastos parti-

culares que algúns concelleiros cargan ao concello. Xosé Manuel Domínguez Freitas, portavoz do PSOE no concello, solicita respostas e averiguacións sobre o feito de que os concelleiros populares enchán o depósito do seu coche a conta do concello.

Hai semanas, o propio Domínguez Freitas advertía de que no recibo de teléfono do concello da Guarda aparecían números chamadas internacionais realizadas fóra do horario de funcionamento das dependencias municipais. Ante o gasto desmesurado, o representante socialista preguntou á equipa de goberno (o PP ten sete concelleiros que se coaligaron con Independentes do Baixo Miño), e este desviou a atención dicindo que "serían os funcionarios os que chamaban". O PSOE, sen embargo, asegura que son os pró-

prios concelleiros. No recibo aparecían tamén conferencias con liñas eróticas. Domínguez Freitas non admite culpabilizar aos traballadores para salvar aos concelleiros do PP.

Agora o problema céntrase na gasolina e gasoil. Afirman que cinco concelleiros repostan sen nungun xustificante de gasto combustible que cargan ao concello. Agora non vale culpar aos funcionarios, segundo o PSOE, xa que chega con comprobar as facturas presentadas, que inclúen a numeración das matrículas. Algun dos concelleiros tamén botaba gasolina no seu automóbil en días festivos. O PSOE pede que se devolvan os cartos malgastados e que dimitan os implicados. Ademais sinala a responsabilidade política de Purificación Álvarez que "como consentidora, debería dimitir detrás deles". ♦

A Mesa protesta pola única cópia en galego de A Noiva da Medianoite

Só na sala *Yelmo* de Lugo pódese ver a película *A noiva da medianoite*, do director Antonio Simón. No resto das salas do país a versión distribuída é en castelán polo que *A Mesa pola Normalización Lingüística* fixo pública unha protesta. A distribuidora, *United International Pictures*, dispón de quince copias en castelán e unha en galego, o cal, como sinalan desde *A Mesa*, é "totalmente insuficiente para cubrir a proxección da película nas salas galegas". A película, baseada nun guión de Rubia Barcia e protagonizada por Nancho Novo, Paco Rabal, Juan Diego e Esperanza Roy, está subvencionada con 26 millóns de pesetas da consellería de Cultura e a Compañía de Radio Televisión de Galiza asinou un convenio reservándose os dereitos de emisión polo que aportaba aproximadamente un 18% do orzamento. ♦

Actos de solidariedade co insumiso Pibe

O Xoves 19 de Febreiro ás 11 da mañá celébrase na Audiencia Provincial de Pontevedra o xuízo ao insumiso Gabriel Sánchez, *Pibe*, que fóra anulado con anterioridade o 30 de Maio despois de producirse unha carga policial e dúas detencións. Desta volta participarán como testemuñas o presidente da CIG, Manuel Mera, o deputado do BNG, Alberte Rodríguez Feixoo, Antón Reixa, Raquel Villanueva, directora do Instituto de Redondela e Quino Rafael coordinador de *Entrepovos*. Ademais da concentración que para ese día ten convocada a *Asemblea Nacional de Obxección de Conciencia* (ANOC) o Venres 13 celébrase unha cea de solidariedade no *Solmar* de Cesantes e o Martes 17 na Casa da Cultura de Redondela un encontro de poetas en Redondela, acto no que tamén se presentará o libro *Bis a bis* adicado aos insumisos presos na prisión militar de Alcalá de Henares Elías Rozas e Ramiro Paz. ♦

Unha sentenza reconece o dereito á vivenda por riba do dereito á propiedade

Unha xuíza de Madrid absolveu a dous mozos *okupas* ao recoñecer na sentenza que o dereito á vivenda, recoñecido na Constitución, está por riba do dereito á propiedade. A maxistrada non atendeu á petición do fiscal quen solicitaba 120.000 pesetas ou dous anos de cárcere no caso de impago. A sentenza tamén reconece que os dous mozos ocuparon un inmóbel de maneira pacífica ante a certeza de que estaba desocupado. O avogado defensor considerou o fallo como un importante precedente nos procesos por ocupación. ♦